



18 DE OUTUBRO, DÍA EUROPEO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS

SE
TI NON
TRATAS

NON
HAI
TRATA



DE QUE SE TRATA?

A **TRATA DE PERSOAS** é un delito que viola os dereitos humanos, atenta contra a dignidade, integridade e a liberdade das persoas.

Consiste na “**captación, transporte, traslado, acollida ou recepción de persoas, empregando as ameazas, uso da forza ou outras formas de coacción, secuestro, fraude, engano, abuso de poder ou situación de vulnerabilidade..., con fins de explotación**”.

PERO, PARA QUE?

- Tráfico de órganos, tecidos e células.
- Adopción ilegal de nenas, nenos e persoas adolescentes.
- Mendicidade forzada ou servil.
- Matrimonio forzado.
- Actividades con fins delituosos.
- Explotación sexual, incluída a pornografía.
- Traballo ou servizos forzados.

En Europa, a trata de persoas é un dos negocios ilícitos máis lucrativos, abastécese de mulleres, homes, nenas e nenos, que se converten en mercancía, obxectos explotados e comerciados. Pensa por un momento: e se ninguén tratase, existiría a trata?

ALGÚNS DATOS

- O número de vítimas da trata estímase en **2,5 millóns**, aínda que por cada persoa identificada hai 20 sen identificar.
- O **42% das vítimas son mulleres**, un **23% homes**, o **18% nenas** e un **17% nenos**.
- O **99% das vítimas de trata con fins de explotación sexual, son mulleres e nenas**, 9 de cada 10.
- A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible incorporou a **loita contra a trata dentro do obxectivo** de eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e nenas.
- Cálculase que **1 de cada 4 vítimas da trata no mundo son persoas menores de idade** que sofren unha violencia física, o dobre de extrema que as persoas adultas.
- Segundo datos estatais, **Galiza no último lustro, rexistra o 31% dos casos de mendicidade forzada**.
- O **60%** das persoas detidas por tales delitos foron homes e o **40%** mulleres, maioritariamente de nacionalidade española.

EVOLUCIÓN DA TRATA SEXUAL E LABORAL ENTRE 2021-2023 NO ESTADO:

| | 2021 | 2022 | 2023 |
|--------------------------------|------|------|------|
| Vítimas de trata sexual | 136 | 129 | 294 |
| Vítimas explotación sexual | 355 | 435 | 370 |
| Vítimas de trata laboral | 51 | 89 | 195 |
| Vítimas de explotación laboral | 514 | 516 | 612 |

Elaboración propia. Datos Estadísticos ano 2023 elaboradas polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado-CITCO da Secretaría de Estado de Seguridade.

Fontes: Informe mundial sobre a trata de persoas 2022 da Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito UNODC.

Balance estatístico 2018-2022 sobre Trata e Explotación de Seres Humanos elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO).

TRATA E TRÁFICO SON O MESMO?

TRÁFICO DE PERSOAS

TRATA DE SERES HUMANOS

CONSENTIMIENTO

Existe consentimento para poñerse en mans da rede de tráfico a pesar das condicións degradantes e perigosas de transporte.

Nunca é consentuada, e se houbo consentimento inicial foi mediante coacción, engano...

EXPLOTACIÓN

Remata coa chegada das persoas traficadas ao seu destino.

A trata de persoas implica a posterior explotación das vítimas coa finalidade de obter beneficios económicos.

ONDE?

Sempre se realiza dun país a outro.

Pode producirse entre distintas zonas dun mesmo país.

ACTÚA!

O REXEITAMENTO SOCIAL ANTE
O CONSUMO DE PERSOAS É
PRIMORDIAL PARA A SÚA
ERRADICACIÓN

Se estás sendo obxecto dunha situación de trata,
ou pensas que alguén o é, non o dubides e contacta:

LOCAL

- Centro de Información ás Mulleres (CIM)
do Concello de Santiago. T. **981 542 465**
- Policía Local **092** | **981 542 323**

ESTATAL

Atención as 24 horas

- TELÉFONO DE EMERXENCIAS: **112**
- POLICÍA NACIONAL: Atención especializada a
víctimas de trata: **900 10 50 90** | **091** | trata@policia.es
- GARDA CIVIL: **062** - trata@guardiacivil.es
- TELÉFONO DE ATENCIÓN A VÍCTIMAS
DE VIOLENCIA DE XÉNERO **016**
- TELÉFONO DA MULLER **900 400 273**

